

COMISIÓN INFORMATIVA DE TRANSPARENCIA E ADMINISTRACIÓN PROVINCIAL

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **20 de xullo de 2022**

Ás 17.00 horas do día 20 de xullo de 2022, reúnese a Comisión Informativa de Transparencia e Administración Provincial, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Plácido Álvarez Dobaño

Deputados/as do Grupo Popular:

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D. Jorge Pumar Tesouro

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Elvira Lama Fernández

D.^a Rosario Rodríguez Delgado

D. Aurentino Alonso Araújo

Deputado de Democracia Ourensana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa.

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Non asiste a deputada do Grupo Popular dona Ana María Villarino Pardo (substituída por dona Ana Patricia Torres Madureira).

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 15 DE XUÑO DE 2022.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 15 de xuño de 2022.

Non se producen intervencións e por maioría a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Transparencia e Administración Provincial do día 15 de xuño de 2022, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A DECLARACIÓN DA SEÑORA PAULA PRADO DEL RÍO E O SEÑOR MIGUEL ÁNGEL TELLADO FILGUEIRA, PERSOAS NON GRATAS NA PROVINCIA DE OURENSE.-

D.^a Rosario Rodríguez Delgado, do Grupo Socialista, expón o contido da moción.

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, deputada non adscrita, manifesta en primeiro lugar o seu apoio e solidariedade coa Comarca de Valdeorras, a zona de Oímbra e o resto da provincia e do país que están sufrindo a praga de incendios forestais. Sobre a moción sinala que ela ve isto dunha forma diferente. Evidentemente que foi unha intervención desafortunada, pero que queda bastante claro que o que querían transmitir é que o AVE só chegou ata Ourense e non ao resto de Galicia, como é obvio. Engade que por esta razón votará en contra da moción.

D. Bernardo Varela López, do BNG, comeza sumándose ás mostras de apoio e solidariedade respecto á praga de incendios forestais, indicando que seguramente nos esperen uns meses moi difíciles, tanto polos incendios como polos efectos da falta de auga. Sobre a moción do Grupo Socialista sinala que tratará de reflexionar de aquí ao Pleno, se ben, en principio, non considera a moción moi adecuada. Engade que evidentemente as frases están aí, pero que o correcto tampouco sería dicir que o AVE chegou a Ourense, xa que o AVE só chega a Taboadela, e falta por executarse a variante exterior. En 30 anos de gobernos do PSOE e do PP en Madrid só conseguimos que hai escasos meses o AVE chegase á porta de entrada en Galicia. Para el está moi claro que a provincia non é de segunda, senón incluso de terceira ou de cuarta para o goberno central, incluso o da Xunta, e que non somos máis que un celeiro de votos. Di que é evidente que Paula Prado e Miguel Ángel Tellado se equivocaron coas súas palabras, se ben, en principio, non lle encontra encaixe á petición de reprobación e dimisión, ao igual que no seu momento non lla atopou á que se presentou contra o portavoz do PSOE na Deputación. Finaliza indicando que en todo caso deben ser os galegos e as galegas os que a través das urnas se manifesten sobre estas cuestións.

D. Armando Ojea Bouzo, de DO, reitera o apoio á Comarca de Valdeorras e demais zoas que sofren os incendios forestais, poñendo en valor a un grupo de bombeiros voluntarios do Concello de Ourense, que nos seus días de vacacións están colaborando na extinción dos incendios de Valdeorras e O Courel. Sobre a moción indica que ante feitos como os que estamos a vivir lle parece un pouco frívolo votar estas cuestións, engade que non vai apoiar a moción, por razóns similares ás indicadas polos seus predecesores.

O **presidente da comisión** súmase, como non pode ser doutro xeito, á solidariedade e apoio a todos os veciños e veciñas que están a sufrir os incendios forestais, sinalando que agora mesmo as prioridades deben ser outras. Di que profundará máis na argumentación para o Pleno e que votarán en contra da moción.

D.^a Rosario Rodríguez Delgado, do Grupo Socialista, indica que se retirando a moción se consegue apagar algún incendio o farían sen pensalo, pero entende que representantes políticos da altura de Paula Prado e Miguel Ángel Tellado non poden facer as declaracións que todos coñecen, e que polo menos deberían desculparse.

Non se producen máis intervencións e ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (3), a abstención do BNG (1) e o voto en contra do Grupo Popular (5), de DO (1) e da deputada non adscrita, a comisión **non** ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1. Instar ao pleno da Deputación Provincial de Ourense a declarar persoas non gratas en Ourense a Paula Prado del Río e a Miguel Ángel Tellado Filgueira, por desprezar á provincia ao non considerala parte de Galicia, tras asegurar, literalmente, que “o AVE chegou a Ourense pero non Galicia”, unha frase que ofendeu e agravou a boa parte da sociedade ourensá, verbas que, ademais, se negaron a rectificar e polas que tampouco pediron perdón.
2. Instar ao pleno da Deputación Provincial de Ourense a esixirlle a dona Paula Prado del Río a súa dimisión dos cargos de deputada e viceportavoz do PP no Parlamento de Galicia, así como de secretaria xeral do PP galego.
3. Instar ao pleno da Deputación Provincial de Ourense a esixirlle a don Miguel Ángel Tellado Filgueira a súa dimisión dos cargos de senador por designación autonómica de Galicia e vicesecretario xeral de organización do Partido Popular.

3º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, agradece as mostras de apoio que recibiron nesta comisión por parte de todos os grupos debido aos incendios que está a sufrir a Comarca de Valdeorras e aproveita para poñer en valor o traballo que están facendo os voluntarios e os profesionais dos corpos de extinción, así como agradecer o traballo do delegado territorial da Xunta de Galicia.

E, ás 17.20 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.